

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN TÉCNICA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE ADECUACIÓN DOS ESPAZOS, FABRICACIÓN E MONTAXE DA INSTALACIÓN MUSEOGRÁFICA DO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO.

Sendo as 13:45 horas do día 15 de abril de 2009, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García e actuando como vocais:

- Don José Fernando Piñeiro Díaz, Concelleiro delegado da Área de Infraestructuras.
- Don José Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Don Jaime Castiñeira Broz, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral do Concello.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Titular da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como secretario.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario informar que das catro empresas participantes, foron admitidas á presente licitación as seguintes:

- FERRERAS Y ASOCIADOS, S.C. (AZIMUT ARQUITECTURA).
- DESÍREE GONZÁLEZ GARCÍA

Quedando excluídas, por tanto:

- MIGUEL MESAS IZQUIERDO e
- GONZALO CRECENTE MASEDA, BEATRIZ VENTOSO MARIÑO E SEGUNDO FERNANDO SAAVEDRA REY, en compromiso de U.T.E.

A continuación, procedeuse á apertura dos sobres B, relativos ás ofertas económicas, sendo o seu detalle o seguinte:

- FERRERAS Y ASOCIADOS, S.C. (AZIMUT ARQUITECTURA), propón como prezo do contrato a cantidade de 70.000 €, IVE incluído, comprometéndose a contratar a 11 traballadores, dos cales 4 serán novos

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Ref#: ACTA APERTURA OFERTA ECONOMICA DIRECCION MIHL.doc

Asunto:

traballadores en situación de desemprego, conforme ó artigo 17 e disposición adicional primeira do Real Decreto-Lei 13/2009.

- DESIREE GONZÁLEZ GARCÍA propón como prezo a cantidade de 78.000 € IVE incluído.

Á vista do cal, os integrantes da Mesa procederon á avaliación das ofertas, propoñendo a adxudicación á proposición presentada pola empresa FERRERAS Y ASOCIADOS, S.C. (AZIMUT ARQUITECTURA).

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14.00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz